

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS SOCIAIS EXTRAORDINARIAS FINANCIADAS MEDIANTE O POS+ADICIONAL 1/2026 DO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

DISPOSICIÓNS XERAIS

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 231, de data 2 de decembro de 2025, publicáronse as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación para Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2026.

A Base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios.

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Boiro, na sesión ordinaria celebrada o día 14 de xaneiro de 2026, acordou participar no POS+ADICIONAL 1/2026 da Deputación Provincial da Coruña, aceptando integramente as súas bases reguladoras.

A achega provincial asignada ao Concello de Boiro para o financiamento de gastos sociais extraordinarios ascende a cento vinte e sete mil cincocentos corenta e oito euros con setenta e cinco céntimos (127.548,75 €), destinándose parte desta contía (69.624,50 €) a:

- Ampliación e dotación de axudas de emerxencia social dirixidas a unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade.
- Adaptación funcional do fogar para persoas con dependencia recoñecida.
- Axudas de respiro familiar e conciliación.

O financiamento destinado ás axudas de emerxencia social xestionarase de conformidade coa Ordenanza Municipal Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Boiro. As presentes bases regulan exclusivamente as axudas correspondentes ás actuacións de accesibilidade na vivenda (líña 1.b), adaptación funcional do fogar e servizos de respiro familiar e conciliación.

1. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas económicas extraordinarias e non periódicas destinadas a atender situacións de necesidade social, de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, igualdade e concorrencia.

As axudas correspóndense coas actuacións previstas nos apartados b), f) e g) do POS+ADICIONAL 1/2026:

a) Axudas económicas destinadas a pequenas obras de reparación, adaptación ou mellora da vivenda habitual relacionadas coa accesibilidade, a eliminación de barreiras arquitectónicas ou a mellora da autonomía persoal.

b) Adaptación funcional do fogar para persoas con dependencia recoñecida.

c) Servizos de respiro familiar e conciliación.

A finalidade destas axudas é atender necesidades básicas e situacións de urxencia social, favorecendo a inclusión e a cobertura das necesidades esenciais.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderán ser beneficiarias as persoas físicas integrantes de unidades de convivencia que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas reguladas na presente convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2311/48010 do orzamento municipal vixente.

O crédito total destinado a esta convocatoria ascende a SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (69.624,50 €), distribuído entre as seguintes liñas de actuación:

- LIÑA 1. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia social: 41.874,50 €
 - Liña 1.b. Axudas económicas para realizar pequenas reparacións ou rehabilitacións na vivenda relacionadas coa accesibilidade: 14.000,00 €
- LIÑA 2. Adaptación funcional do fogar para persoas con dependencia: 20.000,00 €
- LIÑA 3. Servizos de respiro familiar e conciliación: 7.750,00 €

A distribución do crédito terá carácter estimativo e poderá redistribuírse entre as distintas liñas en función das necesidades existentes e da dispoñibilidade orzamentaria.

A concesión das axudas quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente.

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as persoas integrantes de unidades de convivencia cuxos recursos económicos resulten insuficientes para afrontar gastos necesarios destinados a previr, evitar ou paliar situacións de exclusión social.

Para os efectos destas bases, entenderase por unidade de convivencia a definida no artigo 11 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Terán así mesmo a condición de destinatarias da axuda as persoas integrantes da unidade de convivencia da persoa solicitante.

5. REQUISITOS

5.1 Requisitos xerais

As persoas solicitantes deberán cumprir, na data de presentación da solicitude, os seguintes requisitos xerais:

- a) Estar empadroadas e ter residencia efectiva no municipio de Boiro durante os seis (6) meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.
- b) Carecer de recursos económicos suficientes para atender a situación de necesidade.
- c) Ter escolarizadas e con asistencia regular as persoas menores integrantes da unidade de convivencia en idade de escolarización obrigatoria.

5.2 Requisitos específicos segundo a liña de axuda

A) *LIÑA 1.b. Axudas económicas para realizar pequenas reparacións ou obras de rehabilitación na vivenda relacionadas coa accesibilidade*

Estas actuacións dirixiranse a unidades de convivencia con insuficiencia de recursos económicos que cumpran os requisitos establecidos na liña 2, apartados b) e c). As axudas poderán concederse cando se acredite que a situación de necesidade deriva dalgunha das

seguintes circunstancias:

- mobilidade reducida
- discapacidade
- enfermidade
- idade avanzada

Estas axudas terán carácter puntual e non estrutural, e non poderán financiar actuacións incluídas na Liña 2 de adaptación funcional do fogar cando exista coincidencia do obxecto subvencionable.

B) LIÑA 2. ADAPTACIÓN FUNCIONAL DO FOGAR PARA PERSOAS CON DEPENDENCIA

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter recoñecida situación de dependencia mediante resolución do órgano competente da Xunta de Galicia ou atoparse en trámite de valoración debidamente acreditado.

b) Que a unidade de convivencia non supere os seguintes límites de ingresos mensuais:

Unidade de convivencia — Límite mensual de ingresos

Unidade de convivencia	de	Límite mensual de ingresos	de	Ingresos
1 persoa		3 veces o IPREM		1.800 €
2 persoas		3,5 veces o IPREM		2.100 €
3 persoas		4 veces o IPREM		2.400 €
4 persoas		4,5 veces o IPREM		2.700 €
5 persoas		5 veces o IPREM		3.000 €
6 ou máis persoas		5,5 veces o IPREM		3.300 €

Para o cálculo dos ingresos teranse en conta todos os ingresos netos percibidos pola unidade de convivencia, calquera que sexa a súa natureza ou orixe.

Así mesmo, para os efectos da valoración da capacidade económica, teranse en conta os saldos e recursos líquidos dispoñibles da unidade de convivencia no momento da solicitude, apreciándose se a persoa ou unidade familiar dispón de medios suficientes para facer fronte ao gasto subvencionable sen poñer en risco a atención das necesidades básicas e esenciais da unidade familiar.

c) As persoas solicitantes deberán realizar, cando resulte preceptiva, a correspondente comunicación previa, declaración responsable ou solicitude de licenza urbanística ante o Concello, así como cumprir a normativa vixente que resulte de aplicación. Así mesmo, as actuacións subvencionadas deberán axustarse aos requisitos legais e técnicos en materia de accesibilidade que sexan esixibles.

C) LIÑA 3. SERVIZOS DE RESPIRO FAMILIAR E CONCILIACIÓN

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que a unidade de convivencia non supere os seguintes límites de ingresos mensuais:

Unidade de convivencia — Límite mensual de ingresos

Unidade	de	Límite	mensual	de	Ingresos
----------------	-----------	---------------	----------------	-----------	-----------------

convivencia	ingresos	
1 persoa	1,5 veces o IPREM	900 €
2 persoas	3,5 veces o IPREM	2.100 €
3 persoas	4 veces o IPREM	2.400 €
4 persoas	4,5 veces o IPREM	2.700 €
5 persoas	5 veces o IPREM	3.000 €
6 ou máis persoas	5,5 veces o IPREM	3.300 €

Para o cálculo dos ingresos teranse en conta todos os ingresos netos percibidos pola unidade de convivencia, calquera que sexa a súa natureza ou orixe.

Así mesmo, para os efectos da valoración da capacidade económica, teranse en conta os saldos e recursos líquidos dispoñibles da unidade de convivencia no momento da solicitude, apreciándose se a persoa ou unidade familiar dispón de medios suficientes para facer fronte ao gasto subvencionable sen poñer en risco a atención das necesidades básicas e esenciais da unidade familiar.

b) Non ter resultado beneficiaria de axudas de respiro familiar e conciliación no exercicio inmediatamente anterior.

5.3 Criterio excepcional

Excepcionalmente, e logo de valoración técnica motivada dos Servizos Sociais municipais, poderán concederse axudas a persoas ou unidades de convivencia que non cumpran algún dos requisitos económicos establecidos, cando concorran circunstancias de especial vulnerabilidade social ou emerxencia debidamente acreditadas.

6. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Anexo I de solicitude.
- Documento identificativo da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia.
- Certificado ou volante de empadramento colectivo ou autorización para a súa consulta.
- Rendementos de traballo, nóminas ou ingresos derivados a percepción de pensións ou de prestacións públicas ou privadas da unidade familiar.
- Extractos bancarios dos últimos doce meses de todas as contas bancarias da unidade de convivencia.
- No caso de non poder acreditar os movementos bancarios, declaración xurada dos ingresos económicos mensuais da unidade familiar.
- Copia do IBI, contrato de alugueiro ou copia a factura/recibo no caso de residir en establecemento turístico.
- Orzamento ou factura pro forma do gasto solicitado.
- Calquera outra documentación necesaria para valorar a situación social que o departamento de Servizos Sociais considere pertinente.

Adicionalmente, só para a Liña 1. b e Liña 2

- Nota simple, escritura pública ou calquera outro documento que acredite a titularidade da vivenda.
- Certificado de dependencia, discapacidade, mobilidade reducida ou enfermidades, entre outros.

7. TIPO E IMPORTE DAS AXUDAS

7.1 Liñas de axuda

As axudas poderán concederse para os seguintes conceptos:

LIÑA 1.b. Axudas económicas destinadas a pequenas obras de reparación, adaptación ou mellora da vivenda.

LIÑA 2. Servizo de Axuda no Fogar complementario (adaptación funcional no fogar).

LIÑA 3. Servizos de respiro familiar e conciliación.

7.2 Contías máximas

As axudas poderán cubrir ata o 100 % do gasto subvencionable ata un máximo de:

a) Axudas económicas destinadas a pequenas obras de reparación, adaptación ou mellora da vivenda: ata 1.800 euros.

b) Adaptación funcional do fogar para persoas con dependencia recoñecida: ata 1.800 euros.

c) Servizos de respiro familiar e conciliación: ata 1.100 euros.

Cando o crédito dispoñible non sexa suficiente para atender o importe máximo que puidese corresponder, a axuda concederáse polo importe que resulte posible en función da dispoñibilidade orzamentaria existente.

Naqueles casos en que o custo total da actuación ou servizo subvencionable sexa superior á contía da axuda concedida, a persoa beneficiaria deberá asumir con fondos propios a diferenza entre ambos importes.

8. INCOMPATIBILIDADES

As axudas serán incompatibles con outras subvencións ou axudas destinadas a financiar o mesmo gasto.

9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse mediante o modelo normalizado Anexo I e poderán presentarse:

a) No Rexistro Xeral do Concello.

b) Na sede electrónica municipal.

c) Por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015.

Con carácter xeral, o prazo de presentación permanecerá aberto ata o **15 de outubro de 2026** ou ata o esgotamento do crédito dispoñible.

As axudas tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva e resolveranse individualmente por orde de entrada das solicitudes completas.

Poderán presentarse varias solicitudes por unidade de convivencia sempre que non exista duplicidade de conceptos subvencionados e que non se superen as contías máximas previstas.

10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias estarán obrigadas a:

- a) Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
- b) Presentar un orzamento axustado ás necesidades e ao principio de consumo responsable.
- c) Xustificar documentalmente o gasto.
- d) Facilitar o labor de comprobación dos Servizos Sociais municipais.
- e) Comunicar a obtención doutras axudas.
- f) Conservar a documentación xustificativa, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto de actuacións de comprobación.

11. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes serán valoradas polos Servizos Sociais municipais mediante informe social motivado emitido polo persoal técnico municipal competente.

A resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local, logo da fiscalización da Intervención municipal.

A resolución será notificada conforme á normativa de procedemento administrativo común.

12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación deberá presentarse antes do **6 de novembro de 2026** mediante o Anexo II.

A documentación xustificativa incluirá:

- Factura ou facturas acreditativas do gasto realizado.
- Xustificante do pagamento efectuado (transferencia bancaria, recibo, certificación bancaria ou documento equivalente).
- Certificado de titularidade da conta bancaria da persoa ou entidade emisora da factura.
- Autorización para o pagamento delegado á persoa ou entidade provedora, se procede.
- Declaración doutras axudas.
- Outra documentación específica requirida segundo a natureza do gasto.

Adicionalmente, só para a Liña 1.b e a Liña 2:

- Comunicación previa, declaración responsable ou solicitude de licenza urbanística, cando resulte preceptiva.

O pagamento poderá realizarse mediante pagamento delegado á entidade provedora ou ao profesional prestador do servizo.

13. REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

Procederá o reintegro total ou parcial das axudas nos supostos previstos na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia:

- Incumprimento da finalidade.
- Falsidade documental.
- Ocultación de datos.
- Obtención indebida da axuda.

O réxime sancionador será o establecido na normativa vixente en materia de subvencións.

14. EMENDA DAS SOLICITUDES

Se a solicitude estivese incompleta ou non reunise os requisitos esixidos, requirirase á persoa interesada para que emende as deficiencias no prazo de tres (3) días hábiles.

De non atender o requirimento, considerarase que desiste da súa solicitude.

15. ÓRGANO COMPETENTE E PRAZO DE RESOLUCIÓN

A competencia para resolver a concesión das axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local do Concello de Boiro, logo da proposta do departamento de Política Social e do informe de fiscalización da Intervención municipal cando proceda.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres (3) meses contados desde a data de presentación da solicitude completa.

16. EFECTOS DO SILENCIO ADMINISTRATIVO

Transcorrido o prazo máximo establecido para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

17. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais serán tratados polo Concello de Boiro coa finalidade de xestionar a presente convocatoria, conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 e á Lei orgánica 3/2018.

Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas cando resulte necesario para a tramitación e control das axudas.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade.

DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto nestas bases será de aplicación:

- A Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- A Lei 9/2007, de subvencións de Galicia
- O Real Decreto 887/2006.
- A Lei 39/2015.

- A Lei 40/2015.
- Calquera outra normativa que resulte de aplicación.